



Avda. Emilio González López, 1
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS
Teléfs. 981 72 03 18 – 981 72 03 19 – 981 72 00 01
Fax 981 72 16 27
E-mail: correo@malpica.dicoruna.es
RELGA. MU – 2000/175 CIF: P-1504400A

ANUNCIO

DATA PUBLICACIÓN: 08/07/2026

NOMEAMENTO DE D. DIEGO GALÁN MESURA, COMO FUNCIONARIO INTERINO POR VACANTE DO GRUPO C, SUBGRUPO C2, ESCALA ADMINISTRACIÓN ESPECIAL, SUBESCALA SERVICIOS ESPECIAIS, AUXILIAR DE BIBLIOTECA.

POLO PRESENTE DE CONFORMIDADE CO PREVISTO NAS BASES QUE REXEN/REXERON O PROCEDEMENTO, BASE DÉCIMO SEGUNDA, FAISE PÚBLICO QUE CON DATA 08/07/026, DITOUSE A RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA NÚM. 413/2026, QUE A CONTINUACIÓN SE TRANSCRIBE:

“RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

ASUNTO: NOMEAMENTO DE D. DIEGO GALÁN MESURA, COMO FUNCIONARIO INTERINO POR VACANTE DO GRUPO C, SUBGRUPO C2, ESCALA ADMINISTRACIÓN ESPECIAL, SUBESCALA SERVICIOS ESPECIAIS, AUXILIAR DE BIBLIOTECA.

EXPEDIENTE: 2026/X999/000186

Con data 15/06/026, esta alcaldía ditou a Resolución núm. 342/2026, sendo esta do seguinte tenor literal:

“RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

ASUNTO: CHAMAMENTO/S DA BOLSA DE EMPREGO CREADA PARA O NOMEAMENTO DE PERSOAL FUNCIONARIO INTERINO DO GRUPO C, SUBGRUPO C2, ESCALA ADMINISTRACIÓN ESPECIAL, SUBESCALA SERVICIOS ESPECIAIS, AUXILIAR DE BIBLIOTECA. INICIO CHAMAMENTO XUÑO DE 2026

EXPEDIENTE: 2026/X999/000186

Visto que finalizado no ano 2024 o proceso selectivo relativo á creación dunha bolsa de emprego para o nomeamento de persoal funcionario interino do grupo C, subgrupo C2, escala administración especial, subescala servicios especiais, auxiliar de biblioteca, esta alcaldía ditou a oportuna resolución pola que, de conformidade co establecido nas bases que rexeron/rexen o procedemento, se procedeu á aprobación/creación da bolsa de emprego. Así, na Resolución da Alcaldía núm. 657/2024, do 02/12/2024, consta na parte resolutiva (cita en extracto):

“Primeiro: Aprobar/crear a bolsa de emprego para o nomeamento de funcionarios/as interinos/as do grupo C, subgrupo C2, escala administración especial, subescala servicios especiais, clase cometidos especiais, auxiliar de biblioteca, que figura a continuación:

ORDE	NOME E DNI
1º	ALVÁREZ VEIGA, PAULA ***9408**
2º	LAMELAS RAMOS, AINHOA ***2623**
3º	GALÁN MESURA DANIEL ***0826**
4º	JORGANES VILLANUEVA, PATRICIA ***9524**
5º	PERISCAL MATO, SAMUEL ***9977**
6º	PAZOS ROMERO, LORENA ***4337**
7º	AMEIJENDA ESPASANDIN, VIRGINIA **0498**



CONCELLO
DE
MALPICA DE BERGANTIÑOS
(A CORUÑA)

Avda. Emilio González López, 1
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS
Teléfs. 981 72 03 18 – 981 72 03 19 – 981 72 00 01
Fax 981 72 16 27
E-mail: correo@malpica.dicoruna.es
RELGA. MU – 2000/175 CIF: P-1504400A

8º	VARELA CASTRO, SUSANA ***4114**
9	VARELA DOLDÁN, ÁNGELA ***4555***
10º	ALFEIRÁN VILLAR, MARTÍN ANTONIO ***1375**

O funcionamento da antedita bolsa se axustará ao previsto nas bases reguladoras da creación dunha bolsa de emprego para o nomeamento de funcionarios/as interinos/as do grupo C, subgrupo C2, escala administración especial, subescala servizos especiais, clase cometidos especiais, auxiliar de biblioteca (publicadas no BOP núm. 76, de data 18/04/2024), base 12ª.

.../”

Visto que nas bases que rexeron o procedemento e neste momento rexen o funcionamento da bolsa de emprego, establécese/establecíase:

“1º.-Obxecto da convocatoria.

É obxecto da presente convocatoria a creación dunha bolsa de emprego que permita o nomeamento de funcionarios/as interinos/as para o desempeño das funcións de auxiliar de biblioteca, escala de administración especial, subescala servizos especiais, clase cometidos especiais, grupo C, subgrupo C2, cando se produza algunha das circunstancias previstas no artigo 10 do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (TREBEP) e/ou no artigo 23 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, e así sexa apreciado por esta administración”.

“12º.- O funcionamento da bolsa de emprego.

.../

Unha vez detectada a situación de necesidade para cobertura temporal, e elaborado o correspondente expediente no que se acreditará o cumprimento das circunstancias ás que se refire o parágrafo anterior así como a existencia de crédito orzamentario, a Alcaldía procederá ao chamamento sucesivo dos aspirantes por orde de lista, debendo os interesados manifestar o seu interese por escrito no prazo máximo improrrogable de dous días hábiles dende a notificación da oferta por parte do Concello de Malpica de Bergantiños, transcorrido o cal entenderase que renuncia e pasarase ao chamamento do seguinte da lista.

.../”.

Considerando que de acordo co establecido nas referidas bases, con data 10/06/2026, esta alcaldía subscribiu o documento denominado “XUSTIFICACIÓN DO NOMEAMENTO DE PERSOAL FUCIONARIO INTERINO (POR VACANTE) DO GRUPO C, SUBGRUPO C2, ESCALA ADMINISTRACIÓN ESPECIAL, SUBESCALA SERVICIOS ESPECIAIS, CLASE COMETIDOS ESPECIAIS, AUXILIAR DE BIBLIOTECA”, no que entre outras cuestións queda acreditada a situación de necesidade de cubrir temporalmente a referida praza, ademais, do cumprimento dos requisitos/presupostos esixidos pola normativa aplicable, fundamentalmente o art. 10 do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei do Estatuto do Empregado Público e o art. 23 da Lei 2/2015, do 29 de abril, de emprego público de Galicia.

Visto que na mesma data, o 10/06/2026, esta alcaldía solicitou a emisión de certificado de existencia de crédito e someteu o expediente á intervención municipal, emitindo esta o correspondente certificado de existencia de crédito.

Visto que no xa citado documento “XUSTIFICACIÓN DO NOMEAMENTO DE PERSOAL FUCIONARIO INTERINO (POR VACANTE) DO GRUPO C, SUBGRUPO C2, ESCALA ADMINISTRACIÓN ESPECIAL, SUBESCALA SERVICIOS ESPECIAIS, CLASE COMETIDOS ESPECIAIS, AUXILIAR DE BIBLIOTECA”, consta:

“.../



CONCELLO
DE
MALPICA DE BERGANTIÑOS
(A CORUÑA)

Avda. Emilio González López, 1
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS
Teléfs. 981 72 03 18 – 981 72 03 19 – 981 72 00 01
Fax 981 72 16 27
E-mail: correo@malpica.dicoruna.es
RELGA. MU – 2000/175 CIF: P-1504400A

Por outra banda, o nomeamentos dos funcionarios interinos, como se depende das normas transcritas ao inicio da presente, se fundamenta nun repertorio cerrado de circunstancias xustificativas, de forma que o nomeamento responde sempre a un principio causal, causa esta que se erixe nun requisito de validez do acto administrativo do nomeamento, debendo constar esta de modo expreso na motivación do referido acto.

Así, pois, en canto a circunstancia a considerar no nomeamento pretendido debe indicarse que o mesmo realizaríase ao amparo do previsto no art. 10.1 a) do TREBEP e concordante art. 23.2 a) da Lei 2/2015, isto é, o suposto de interinidade por vacante, sendo os requisitos para o citado nomeamento os que seguen:

1º.- Trátase dunha praza funcional preexiste e vacante. Desta forma a praza ha de estar dotada orzamentariamente, aprobada e incluída na “plantilla”/cadro de persoal previamente aprobada.

2º.- Que non sexa posible a súa cobertura por funcionario de carreira, o cal se debe poñer en relación cos presupostos habilitantes de todo nomeamento de persoal interino, necesidade e urxencia xustificada.

Os citados requisitos concorren no presente caso xa que:

1º.- Sen prexuízo do que se poda informar pola intervención municipal, a praza está recollida na “plantilla”/cadro de persoal coa correspondente dotación orzamentaria e como vacante (situación esta que deriva da xubilación da titular o 08/05/2023, vid. supra).

Así no citado documento consta:

“Persoal funcionario:

Escala Administración Especial

Grupo clasificación: C2; nivel complemento de destino: 16; subescala: servizos especiais (cometidos especiais); posto: auxiliar de biblioteca e situación: vacante (vacante desde maio 2024 por xubilación da titular)”.

2º.- Como xa se dixo e así se ten motivado, sen prexuízo, claro está, de que a citada praza sexa cuberta nun futuro de forma permanente, resulta necesario e urxente proceder ao nomeamento de persoal funcionario interino para asegurar e garantir o regular funcionamento do servizo obrigatorio de biblioteca (vid. supra)”.

Visto que ata o día 15/02/2026 viña desempeñando os seus servizos nesta administración a funcionaria interina do grupo C, subgrupo C2, escala administración especial, subescala servizos especiais, clase cometidos especiais, Sra. Álvarez Veiga, cuxo nomeamento se fixo empregando a bolsa de emprego á que se refire a presente e ao abeiro do art. 10.1 a) do TREBEP e concordante art. 23.2 a) da Lei 2/2015, isto é, o suposto de interinidade por vacante. Sendo a causa da perda da condición de funcionaria interina da devandita empregada e consecuente cesación na prestación dos seus servizos a renuncia voluntaria da propia interesada.

Visto que nas bases que rexeron o procedemento e neste momento rexen o funcionamento da bolsa de emprego, establécese/establecíase:

“12º.- O funcionamento da bolsa de emprego.

.../

Os que formen parte da mesma poderán ser chamados (sempre respectando a orde da lista), para cubrir postos de traballo de auxiliar de biblioteca, cando concorran as circunstancias previstas no artigo 10 do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (TREBEP) e/ou no artigo 23 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, e así sexa apreciado por esta administración.

Unha vez detectada a situación de necesidade para cobertura temporal, e elaborado o correspondente expediente no que se acreditará o cumprimento das circunstancias ás que se refire



CONCELLO
DE
MALPICA DE BERGANTIÑOS
(A CORUÑA)

Avda. Emilio González López, 1
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS
Teléfs. 981 72 03 18 – 981 72 03 19 – 981 72 00 01
Fax 981 72 16 27
E-mail: correo@malpica.dicoruna.es
RELGA. MU – 2000/175 CIF: P-1504400A

o parágrafo anterior así como a existencia de crédito orzamentario, a Alcaldía procederá ao chamamento sucesivo dos aspirantes por orde de lista, debendo os interesados manifestar o seu interese por escrito no prazo máximo improrrogable de dous días hábiles dende a notificación da oferta por parte do Concello de Malpica de Bergantiños, transcorrido o cal entenderase que renuncia e pasarase ao chamamento do seguinte da lista.

.../

A renuncia, ou a non presentación da aceptación da oferta e da documentación esixida en prazo implicará que o aspirante pasará ao derradeiro lugar da lista salvo naqueles casos nos que xustifique documentalmente que está a prestar servizos noutro posto de traballo nesta Administración ou noutra ou que nese intre se atopa en situación de baixa laboral. Nestes casos permanecerá invariable a súa posición na bolsa de emprego”.

Vistos, pois, os antecedentes e fundamentos anteriormente expostos é polo que en uso das facultades que me confire a Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local e de conformidade co previsto nas “BASES REGULADORAS PARA A CREACIÓN DUNHA BOLSA DE EMPREGO PARA O NOMEAMENTO DE FUNCIONARIOS/AS INTERINOS/AS DO GRUPO C, SUBGRUPO C2, ESCALA ADMINISTRACIÓN ESPECIAL, SUBESCALA SERVICIOS ESPECIAIS, CLASE COMETIDOS ESPECIAIS, AUXILIAR DE BIBLIOTECA, POLO PROCEDIMENTO DE OPOSICIÓN LIBRE”,

RESOLVO:

Primeiro.- De conformidade coas bases que rexeron o procedemento e neste momento rexen o funcionamento da bolsa de emprego, base 12ª, reordenar a bolsa creada para o nomeamento de funcionarios/as interinos/as do grupo C, subgrupo C2, escala administración especial, subescala servicios especiais, clase cometidos especiais, auxiliar de biblioteca, ao verse alterada a posición inicial dos seus integrantes, tras a renuncia da Sra. Álvarez Veiga, que pasa a ocupar o último lugar da mesma, quedando, pois, conformada esta polos seguintes integrantes e na seguinte orde:

ORDE	NOME E DNI
1º	LAMELAS RAMOS, AINHOA ***2623**
2º	GALÁN MESURA DANIEL ***0826**
3º	JORGANES VILLANUEVA, PATRICIA ***9524**
4º	PERISCAL MATO, SAMUEL ***9977**
5º	PAZOS ROMERO, LORENA ***4337**
6º	AMEIJENDA ESPASANDIN, VIRGINIA **0498**
7º	VARELA CASTRO, SUSANA ***4114**
8º	VARELA DOLDÁN, ÁNGELA ***4555**
9º	ALFEIRÁN VILLAR, MARTÍN ANTONIO ***1375**
10º	ALVÁREZ VEIGA, PAULA ***9408**

Segundo. Proceder ao chamamento de **DNA. AINHOA LAMELAS RAMOS**, primeira da lista da bolsa e emprego aprobada/reordenada para o nomeamento de funcionarios/as interinos/as do grupo C, subgrupo C2, escala administración especial, subescala servicios especiais, clase cometidos especiais, auxiliar de biblioteca.



Avda. Emilio González López, 1
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS
Teléfs. 981 72 03 18 – 981 72 03 19 – 981 72 00 01
Fax 981 72 16 27
E-mail: correo@malpica.dicoruna.es
RELGA. MU – 2000/175 CIF: P-1504400A

De conformidade coas bases que rexeron o procedemento e neste momento rexen o funcionamento da bolsa de emprego, base 12ª, advertir á citada aspirante que deberá manifestar por escrito no prazo máximo improrrogable de **dous (2) días hábiles** dende a notificación desta oferta (publicación da presente no taboleiro de anuncios electrónico do concello) o seu interese en ser nomeada funcionaria interina, transcorrido o cal entenderase que renuncia pasándose a realizar o chamamento ao/a seguinte persoa integrante da listaxe.

De conformidade coas bases que rexeron o procedemento e neste momento rexen o funcionamento da bolsa de emprego, base 12ª, advertir á citada aspirante que no caso de manifestar o seu interese en ser nomeada funcionaria interina deberá achegar no prazo de **cinco (5) días naturais** contados desde a aceptación a documentación establecida na citada base 12ª e someterse a un recoñecemento médico.

Terceiro.- Proceder á publicación da presente resolución no taboleiro de anuncios electrónico do concello.

Cuarto.- Que, no caso de ser preciso, os sucesivos chamamentos ás persoas integrantes da bolsa/listaxe se realice mediante a publicación da oferta no taboleiro de anuncios electrónico do concello sen que sexa preciso ditar unha nova resolución desta alcaldía respectándose en todo caso a orde da bolsa (omitido o primeiro posto), sendo esta orde a que segue:

ORDE	NOME E DNI
2º	GALÁN MESURA DANIEL ***0826**
3º	JORGANES VILLANUEVA, PATRICIA ***9524**
4º	PERISCAL MATO, SAMUEL ***9977**
5º	PAZOS ROMERO, LORENA ***4337**
6º	AMEIJENDA ESPASANDIN, VIRGINIA **0498**
7º	VARELA CASTRO, SUSANA ***4114**
8º	VARELA DOLDÁN, ÁNGELA ***4555**
9º	ALFEIRÁN VILLAR, MARTÍN ANTONIO ***1375**
10º	ALVÁREZ VEIGA, PAULA ***9408**

En Malpica de Bergantiños, asinado dixitalmente polo Sr. alcalde, Eduardo J. Parga Veiga, ante min, a secretaria, Mª Loreto López Fernández, que asino aos únicos efectos de fe pública (artigo 3.2 do Real Decreto 128/2018, do 16 de marzo)“.

De conformidade co establecido nas bases que rexen/rexeron o procedemento e na resolución antes transcrita procedeuse á realización dos correspondentes e sucesivos chamamentos, renunciando, a primeira persoa aspirante da bolsa de emprego creada a ser nomeada funcionaria interina.

Con data 23/06/2026 realízase o segundo chamamento correspondente ao Sr. Galán Mesura o cal en data 25/06/2026 (RXE núm. 202699900000918) manifesta o seu interese/acepta ser nomeado funcionario interino por vacante.

No anuncio do chamamento dicíase: “Así, pois, polo presente procédese ao chamamento de **D. DANIEL GALÁN MESURA**, seguinte da lista da bolsa de emprego creada/reordenada para o



Avda. Emilio González López, 1
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS
Teléfs. 981 72 03 18 – 981 72 03 19 – 981 72 00 01
Fax 981 72 16 27
E-mail: correo@malpica.dicoruna.es
RELGA. MU – 2000/175 CIF: P-1504400A

nomeamento de funcionarios/as interinos/as do grupo C, subgrupo C2, escala administración especial, subescala servicios especiais, clase cometidos especiais, auxiliar de biblioteca. De conformidade coa base 12ª que rexe/rexeu o procedemento de selección e agora rexe o funcionamento da bolsa, advertir ao citado aspirante do seguinte:

- *Que deberá manifestar por escrito no prazo máximo improrrogable de **dous (2) días hábiles** dende a notificación desta oferta (publicación da presente no taboleiro de anuncios electrónico do concello) o seu interese en ser nomeado funcionario interino, transcorrido o cal entenderase que renuncia pasándose a realizar o chamamento ao/a seguinte persoa integrante da listaxe.*
- *Que no caso de manifestar o seu interese en ser nomeado funcionario interino deberá achegar no prazo de **cinco (5) días naturais** contados desde a aceptación a documentación establecida na citada base 12ª e someterse a un recoñecemento médico”.*

O Sr. Galán Mesura presenta, en data 25/06/2026 e 26/06/2026 (respectivamente RXE núm. 202699900000923 e RXE núm. 202699900000924), a documentación á que se refire o parágrafo anterior. Por outro lado, o citado someteuse ao preceptivo recoñecemento médico, sendo declarado apto.

Vistos, pois, os antecedentes e fundamentos anteriormente expostos e que o expediente ten sido fiscalizado de conformidade pola intervención no día de onte, é polo que en uso das facultades que me confire a Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime Local e de conformidade co previsto nas “BASES REGULADORAS PARA A CREACIÓN DUNHA BOLSA DE EMPREGO PARA O NOMEAMENTO DE FUNCIONARIOS/AS INTERINOS/AS DO GRUPO C, SUBGRUPO C2, ESCALA ADMINISTRACIÓN ESPECIAL, SUBESCALA SERVICIOS ESPECIAIS, CLASE COMETIDOS ESPECIAIS, AUXILIAR DE BIBLIOTECA, POLO PROCEDIMENTO DE OPOSICIÓN LIBRE”

RESOLVO:

Primeiro. Nomear a D. Daniel Galán Mesura, con DNI. ***0826**, funcionario interino por vacante do grupo C, subgrupo C2, escala administración especial, subescala servicios especiais, auxiliar de biblioteca.

Advertir que serán causas de cese do referido funcionario interino as previstas nas bases que rexen/rexeron o procedemento e en todo caso as previstas pola normativa que resulte de aplicación, fundamentalmente o art. 10 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido do estatuto básico do empregado público e art. 24 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia.

Segundo. Notificar a presente ao funcionario nomeado con indicación dos recursos que proceda, sinalando que de conformidade coa base 12ª que rexe/rexeu o procedemento deberá tomar posesión no prazo de tres días hábiles contados desde a data da referida notificación.

Terceiro. Dar traslado da presente aos servizos de Intervención e Tesourería aos efectos oportunos.

Cuarto. Proceder á publicación da presente resolución no taboleiro de anuncios electrónico do concello indicando o réxime de recursos que proceda contra a mesma, anonimizándose os datos persoais que resulten precisos, en cumprimento da Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais.



CONCELLO
DE
MALPICA DE BERGANTIÑOS
(A CORUÑA)

Avda. Emilio González López, 1
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS
Teléfs. 981 72 03 18 – 981 72 03 19 – 981 72 00 01
Fax 981 72 16 27
E-mail: correo@malpica.dicoruna.es
RELGA. MU – 2000/175 CIF: P-1504400A

En Malpica de Bergantiños, asinado dixitalmente polo Sr. Alcalde Eduardo J. Praga Veiga, ante min, a secretaria, M^a Loreto López Fernández, que asino aos únicos efectos de fe pública (artigo 3.2 do Real Decreto 128/2018, do 16 de marzo)”.
CVD: 0JB32WAJcmJnpEio3Cvv Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. <https://sede.malpicadebergantinos.es/>

RECURSOS: Contra a presente resolución/acto, que pon fin a vía administrativa, poderase interpoñer potestativamente recurso de reposición ante a Alcaldía ou ser impugnada directamente ante a orde xurisdiccional contenciosa-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición será dun mes, contando desde o seguinte á publicación/notificación da presente resolución, non podendo interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto o recurso de reposición ou se teña producida a súa desestimación por silencio administrativo.

Transcorrido un mes desde a interposición do recurso de reposición sen que se notifique a súa resolución expresa, entenderase desestimado por silencio administrativo e quedará expedita a vía contenciosa-administrativa.

Contra a resolución expresa do recurso potestativo de reposición poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ante o Tribunal de Instancia de A Coruña (sección do contencioso-administrativo) no prazo de dous meses contados desde o seguinte a aquel en que se notifique a resolución. Se a resolución non fora expresa o prazo de interposición do recurso contencioso-administrativo será de seis meses desde que se entenda desestimado por silencio administrativo, segundo dispón o artigo 46.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso-administrativa.

O recurso contencioso-administrativo pode interpoñerse directamente ante o Tribunal de Instancia correspondente no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da notificación da presente.

Os prazos fixados por meses concluirán o mesmo día no que se produciu a notificación/publicación ou o silencio administrativo.

En canto a competencia territorial do Tribunal de Instancia se estará ao establecido no artigo 14 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso-administrativa e a Lei Orgánica 1/2025, do 2 de xaneiro, de medidas en materia de eficiencia do Servizo Público da Xustiza.

Así mesmo, poderase utilizar calquera outro recurso que se estime pertinente e exercer as accións que procedan ante a xurisdición competente.

Malpica de Bergantiños, asinado dixitalmente

O Alcalde,

Eduardo J. Parga Veiga